

BASES DO “I CERTAME DE CONTOS, RELATOS BREVES E CÓMICS A IGUALDADE NON É UN CONTO 2023” CIM DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

En conmemoración do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

ORGANIZA:

Centro de Información á Muller da Mancomunidade do Salnés. Concellos de Cambados, Ribadumia, Meis, Meaño e Vilanova de Arousa.

PARTICIPANTES:

O certame, convocado polo CIM da Mancomunidade do Salnés, está dirixido a todo o alumnado de entre 12 e 16 anos dos centros educativos públicos e concertados dos cinco Concellos que conforman o CIM do Salnés, isto é, Cambados, Vilanova de Arousa, Meis, Meaño e Ribadumia.

TEMÁTICA:

Todas as obras presentadas versarán sobre a loita contra a violencia de xénero en todo o mundo, os efectos que provoca esta violencia nas vítimas, nos seus fillos e fillas e en toda a sociedade.

Así mesmo, poderá abordarse o feminismo e o valor da igualdade e a loita contra a discriminación como mellor ferramenta para combater a violencia sobre as mulleres.

Non se admitirán contidos que inclúan linguaxe malsoante, alusións persoais a terceiras persoas ou mensaxes que puideran ser considerados machistas ou facer apoloxía do odio.

CONDICIÓNS:

1. No certame establécense dúas categorías, unha de contos e relatos breves e outra de cómics.
2. Os traballos en ambas categorías deben ser inéditos, escritos en galego e que non se presenten co mesmo ou con outro título, a ningún outro certame literario ou de cómics pendente de resolución.
3. Os traballos presentados non poderán ter gañado ningún outro concurso previamente.

CIM DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

4. No caso de contos e relatos breves:

- O estilo será narrativa, tipo relato breve ou conto.
- A extensión non poderá superar os 6000 caracteres (con espazos) e en formato Word de Microsoft.
- En caso de presentarse en soporte CD ou pendrive, deberá presentarse tamén impreso en formato DIN A-4.

5. No caso de cómic:

- Os traballos poderán ser en cor ou en branco e negro, presentando ao certame a obra orixinal, quedando as copias excluídas.
- As obras presentadas terán unha extensión máxima de 4 páxinas de formato único DIN A-4 (29,7 x 21 Cm).
- En caso de presentarse en soporte CD ou pendrive, deberá presentarse tamén impreso en formato DIN A-4.

6. As obras deberán estar escritas con linguaxe non sexista.

7. As obras non poderán levar sinatura nin sinal identificativa que indique a súa procedencia nin autoría.

8. Os relatos breves, contos o cómics deberán contar cun título e estar asinados con pseudónimo, indicando a categoría.

9. No caso de cómics, a presentación das obras pode facerse individualmente ou de xeito conxunto entre a persoa guionista e a persoa debuxante.

ENTREGA DAS OBRAS:

Entrega presencial:

- Os relatos, contos e cómics poden entregarse fisicamente a través do rexistro municipal dos Concellos de Meis, de Meaño, de Cambados, de Ribadumia e de Vilanova de Arousa, na sede do CIM e na Sede da Mancomunidade.
- As obras achegaranse nun sobre pechado e noutro sobre, figurará o nome, dirección, teléfono, DNI, dirección de correo electrónico, categoría na que participa, título da obra e o mesmo pseudónimo co que asinou a obra presentada.
- Estas obras poden rexistrarse a través dos rexistros dos cinco Concellos que conforman o CIM por persoas docentes dos centros 3 educativos, si así o acordan, respectando sempre as bases (pseudónimo, formato).
- En caso de presentarse en formato presencia a través de soporte CD ou pendrive, deberán presentarse tamén os traballos impresos en formato DIN A-4.

Entrega online:

CIM DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

- A entrega online, a través de formato PDF, respectando as páxinas de formato único DIN A-4 (29,7 x 21 Cm).
- Os dous e-mails aos que hai que enviar os traballos serán:
 - aedl@osalnes.com
 - cim@osalnes.com
- No asunto do envío hai que indicar: *CERTAME DE RELATOS BREVES, CONTOS E COMICS "A IGUALDADE NON É UN CONTO"*.
- Axuntarase en arquivo a obra presentada en formato PDF, asinada con pseudónimo e indicando si é categoría relato breve/conto ou categoría cómic.
- Axuntarase outro arquivo co nome do título da obra, no que se sinalará o nome, a idade, a dirección, teléfono e DNI do autor ou autora, co título da obra e o pseudónimo co que se asinou.
- As persoas gañadoras autorizarán que os seus datos persoais facilitados sexan incorporados a un ficheiro da Mancomunidade que os empregará para contactar cas persoas premiadas. Estes datos serán tratados confidencialmente e de conformidade ca lexislación vixente.

CATEGORÍAS:

Hai dúas categorías no certame:

- Categoría Contos e Relatos Breves: De 12 a 16 anos. (inclusive).
- Categoría Cómic. De 12 a 16 anos. (inclusive).

PRAZOS:

- Prazo máximo de presentación ata o 28 de novembro de 2023 ás 23:59.
- Calquera obra recibida con posterioridade a esta data non será tida en conta.
- O xurado reunirase entre o 4 e o 12 de decembro de 2023.

XURADO:

O xurado estará composto por:

- Un/unha representante da Mancomunidade do Salnés.
- Unha representante do CIM da Mancomunidade do Salnés.
- Unha persoa experta en igualdade.
- Unha persoa en representación do Concello de Meis.
- Unha persoa en representación do Concello de Cambados.
- Unha persoa en representación do Concello de Ribadumia.
- Unha persoa en representación do Concello de Meaño.
- Unha persoa en representación do Concello de Vilanova.
- Un representante por cada centro educativo de secundaria participante no certame.

CIM DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

A decisión do xurado será inapelable e farase pública na páxina web da Mancomunidad do Salnés e a través das súas redes sociais e das dos cinco Concellos que forman parte do CIM da Mancomunidad do Salnés.

PREMIOS:

Categoría Contos e Relatos Breves: De 12 a 16 anos. (inclusive).

1º Premio Contos e Relatos Breves: Cheque de material cultural e publicación da obra nas páxinas webs oficiais das institucións e nas RRSS da Mancomunidad.

2 Accésits Contos e Relatos Breves: Cheque material cultural.

Categoría Cómic. De 12 a 16 anos. (inclusive).

1º Premio CÓMIC: Cheque de material cultural e publicación da obra nas páxinas webs oficiais das institucións e nas RRSS da Mancomunidad.

VER PREMIO 2 Accésits CÓMIC: Cheque material cultural.

A Mancomunidad do Salnés celebrará unha **Gala** na que participarán as persoas premiadas, persoal dos centros docentes, representantes institucionais dos Concellos e da propia Mancomunidad así como familias, entidades e veciñanza na que se entregarán os premios á que irán premiados/as e finalistas.

CESIÓN DE DEREITOS DAS OBRAS PRESENTADAS:

Os traballos premiados quedarán en propiedade da Mancomunidad do Salnés que poderá publicalos facendo sempre mención ao autor ou autora. As persoas premiadas outorgarán o seu permiso para que o contido das súas obras podan ser empregados por parte da Mancomunidad do Salnés no formato e coas modificacións que estime necesarias, para campañas e materiais destinados a fomentar a igualdade e combater a violencia de xénero.

A Mancomunidad do Salnés reservarase tamén o dereito a publicar calquera das obras recibidas, facendo mención expresa ao autor ou autora. Non se devolverán as obras orixinais.

ACEPTACIÓN:

A participación implica a plena aceptación destas bases.